

**PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL**

**PLAN ANUAL DE LECTURA**

CURSO 2021-2022

BIBLIOTECA DO IES RAMÓN OTERO PEDRAYO  
(A CORUÑA)

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



## Táboa de contido

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E O SEU CONTEXTO. ....	4
2. OBXECTIVOS DO PLAN ANUAL DE LECTURA PARA O CURSO 2021-2022: .....	5
3. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA E PARA O TRABALLO COA INFORMACIÓN. ....	5
4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO. ....	6
4.1. Obxectivos específicos da biblioteca escolar para o curso 2021-2022:.....	6
4.2. Xestión técnica e organización. Normas da biblioteca. ....	7
4.3. Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado. ....	11
4.4. Formación de usuarios e adquisición da competencia informacional.....	12
4.5. Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro.....	13
4.6. Apoio ao estudo ou outras actividades desde a biblioteca para a comprensión das desigualdades sociais e a correcta atención á diversidade. ....	13
4.7. Outras actuacións relacionadas con proxectos e programas nos que está inmerso o centro. 14	
4.8. Criterios e procedementos de avaliación dos servizos da biblioteca e da situación da lectura no centro. Indicadores e instrumentos a utilizar.....	14
5. SECCIÓNS (BIBLIOTECAS DE AULA E DEPARTAMENTOS). ....	15
6. GRUPO DE ALUMNADO VOLUNTARIO DA BIBLIOTECA ESCOLAR.....	15
6.1. Obxectivos:.....	16
6.2. Tarefas dos coordinadores.....	16
6.3. Tarefas dos voluntarios.....	16
6.4. Avaliación.....	16
7. CLUB DE LECTURA “BIBLIOTERO”. ....	17
7.1. Obxectivos. Relación co proxecto lector de centro e a biblioteca escolar. ....	17
7.2. Actividades previstas. Actividades específicas de impulso á lectura, especialmente en galego	17
7.3. Actividades para estimular a participación de varóns. ....	18
7.4. Actividades para incentivar a participación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo .....	18
7.5. Composición e número de participantes aproximado. Implicación de outro profesorado do centro	18
7.6. Forma de organización e funcionamento .....	19
7.7. Horario e calendario previsto para as reunións de carácter presencial .....	20

7.8.	Medios previstos para a súa difusión entre a comunidade escolar. ....	20
8.	ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS:.....	21
9.	ACHEGAS DOS DEPARTAMENTOS AO PLAN ANUAL DE LECTURA (ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LECTURA E A COMPRESIÓN LECTORA EN TODAS AS ÁREAS E MATERIAS).....	22
9.1.	Departamento de Bioloxía e Xeoloxía.....	22
9.2.	Departamento de Educación Física.....	23
9.3.	Departamento de Educación Plástica, Visual e Audiovisual .....	23
9.4.	Departamento de Física e Química.....	24
9.5.	Departamento de Francés .....	25
9.6.	Departamento de Inglés .....	26
9.7.	Departamento de Lingua e Literatura Castelás .....	27
9.8.	Departamento de Lingua e Literatura Galegas.....	29
9.9.	Departamento de Matemáticas.....	31
9.10.	Departamento de Música .....	35
9.11.	Departamento de Relixión .....	36
9.12.	Departamento de Tecnoloxía .....	37
9.13.	Departamento de Xeografía e Historia .....	38
10.	IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS E COLABORACIÓN CON OUTRAS BIBLIOTECAS. ....	41
11.	RESPONSABLE E INTEGRANTES DO EQUIPO DE APOIO DA BIBLIOTECA ESCOLAR. ....	41
12.	SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN ANUAL DE LECTURA. ....	41

## 1. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E O SEU CONTEXTO.

A Biblioteca do IES Ramón Otero Pedrayo está situada na planta baixa do instituto e ten accesibilidade para persoas con discapacidade. A superficie da biblioteca é de 90 m<sup>2</sup>, repartidos habitualmente en dúas zonas: unha de lectura informal e lecer e outra de traballo. No espazo de lectura informal e lecer adoitamos ter diversos materiais: cómics, prensa, revistas, xogos de xadrez, e pensamos completala con máis xogos de mesa en canto a situación sanitaria nos permita recuperar estes usos. Na zona de traballo dispoñemos de 4 ordenadores con acceso a Internet, que esperamos poder volver a utilizar este curso. Ademais do ordenador principal (que é de uso exclusivo do profesorado do equipo de biblioteca), contamos con outro ordenador no que temos instalado o sistema de autoempréstito e que normalmente xestiona o equipo de alumnado voluntario da biblioteca para realizar os préstamos e devolucións dos libros.

Por mor da pandemia COVID-19, o curso pasado suprimiuse o espazo de lecer e no seu posto colocáronse pupitres para utilizar o espazo da biblioteca como aula para desdobres. Xa que logo, non puideron utilizarse os xogos de mesa nin tampouco os ordenadores, pero si estivo dispoñible o empréstito dos fondos bibliográficos.

En canto á xestión dos fondos de biblioteca, empregamos o programa MEIGA, e seguimos as normas da CDU, adaptándoas á situación concreta da biblioteca. O alumnado utiliza a biblioteca para empréstito nos recreos e os profesores dispoñen dos seus fondos para o desenvolvemento do labor docente. Nestes últimos anos tentamos converter a biblioteca nun lugar agradable e atractivo, nun espazo onde desenvolver diferentes tipos de actividades culturais e educacionais e, por último, no xerme a partir do cal se desenvolva nos alumnos o gusto pola lectura.

O presente curso segue a estar marcado polas restricións impostas polas autoridades sanitarias, aínda que agardamos poder recuperar algunhas das actividades propostas habitualmente (voluntariado, club de lectura, visitas de escritores, etc.). Con todo, en caso contrario, artellaranse estratexias que permitan desenvolver estas actividades de xeito telemático, tal e como fixemos durante o curso pasado.

As necesidades máis urxentes en materia de colección seguen a ser actualizar e recolocar os fondos para optimizar o espazo do que dispoñemos. Queremos continuar co labor de expurgo comezado o curso pasado e tamén coa adquisición de libros axeitados para o noso alumnado.

Ademais, gustaríanos empezar a traballar na biblioteca con fondos de lectura dixitais, para dalos a coñecer entre o alumnado e que adquiran competencia no seu manexo. De feito, existen moitos clásicos da literatura gratuítos, que poderíamos descargar, o cal contribuiría a ampliar os fondos da biblioteca sen minguar por iso o reducido espazo físico do que dispoñemos. Consideramos que este soporte resultaría máis atractivo para o alumnado, contribuíndo a aumentar o seu gusto pola lectura.

No que respecta ao mobiliario, nestes últimos cursos renovouse considerablemente, pero aínda quedan pezas por chegar encargadas a finais do curso pasado. Ademais, habería que recuperar os espazos diferenciados (lecer, lectura, información, estudo, grupos de traballo) dos que prescindimos o curso pasado para adaptármolos ao protocolo COVID.

## **2. OBXECTIVOS DO PLAN ANUAL DE LECTURA PARA O CURSO 2021-2022:**

- Fomentar a lectura comprensiva desde un proxecto global do centro, incorporándoa no currículo a través de actividades sistematizadas na aula e na biblioteca escolar co fin de formar lectores competentes.
- Adquirir estratexias que favorezan a comprensión lectora, como a lectura fluída e técnicas de expresión oral e escrita.
- Aumentar a motivación do alumnado e mellorar a súa actitude cara a lectura e a aprendizaxe.
- Fomentar a lectura como ferramenta para o acceso á aprendizaxe e ó coñecemento.
- Desenvolver habilidades de procura da información en todo tipo de soporte e de análise crítica da mesma.
- Mellorar as técnicas e hábitos de estudo, así como a aprendizaxe autónoma.
- Fomentar entre o alumnado o pracer pola lectura para proporcionarlles alternativas ao lecer pasivo e consumista.
- Favorecer a competencia lingüística, co coñecemento, uso e creación de diferentes tipos de textos, xéneros e recursos literarios.

## **3. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA E PARA O TRABALLO COA INFORMACIÓN.**

Tal e como recolleemos no Plan Lector de centro, a creación dun entorno agradable para a lectura é fundamental para que, tanto o alumnado como o profesorado, vivan o tempo de ler como un tempo especial agradable dentro da materia.

O curso pasado tivemos que realizar moitos cambios na biblioteca para adaptala á normativa sanitaria. No caso de poder recuperar o uso habitual dos espazos da biblioteca previo á pandemia da COVID-19, volveríamos a habilitar catro zonas diferenciadas:

- Unha zona de lecer ou lectura informal con sofás e mesas, nas que o alumnado poida ler (prensa, revistas especializadas, cómics) ou xogar aos xogos dispoñibles na biblioteca (xadrez, etc.).
- Unha zona de mesas para traballos en grupo ou reunións do Club de Lectura.
- Unha zona de consulta con ordenadores á disposición do alumnado.
- Unha zona de mesas de estudo, para que o alumnado poida repasar para os exames, facer deberes, traballos, etc.

Ademais, este ano contamos con finalizar a renovación dos andeis, asegurándoos aos muros para que os usuarios da biblioteca poidan acceder aos fondos en total seguridade.

No que respecta á organización de tempos de lectura, cada grupo xunto co seu profesor ou profesora establecerá o tempo axeitado para a lectura diaria ou semanalmente de acordo coa materia que imparta.

#### **4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO.**

##### **4.1. Obxectivos específicos da biblioteca escolar para o curso 2021-2022:**

- Converter a biblioteca nun espazo dinámico que combine o material existente coas novas tecnoloxías. Para iso necesitaríamos diverso equipamento tecnolóxico (e-books ou tablets, etc.) e asesorarnos sobre fondos dixitais, xa que cremos conveniente amosar ao noso alumnado como utilizar os avances tecnolóxicos vinculados co mundo da lectura.
- Potenciar a formación de usuarios no uso das TICS. Neste curso incidirase na actualización e dinamización do blog e da conta de Instagram a través da participación do equipo da biblioteca e dos discentes: alumnado voluntario da biblioteca e alumnado do instituto. Así mesmo, no caso de poder empregar de novo os ordenadores de consulta, estaremos a disposición do alumnado para asesoralos sobre como procurar información de xeito seguro en Internet.
- Aproveitar a conta de Instagram para promover lecturas recomendadas por docentes, alumnos e alumnas e dar visibilidade ás demais actividades de dinamización da biblioteca (concursos, exposicións, libros recomendados para efemérides concretas, etc.).
- Continuar co expurgo, catalogación, recolocación e actualización dos fondos existentes, incluídos os dos diferentes departamentos.
- Impulsar a renovación e actualización do Proxecto Lector do Centro.
- Retomar o Club de Lectura Bibliotero, que comezou o curso 2007-2008, así como o grupo de voluntarios da biblioteca.
- Realizar diversas actividades relacionadas co Día das bibliotecas, Día da Paz, Día contra a Violencia de Xénero, San Valentín, Día da Muller, Día das Letras Galegas, Día do Libro e/ou outras conmemoracións non ritualistas (concursos, exposicións, animación á lectura, elaboración de materiais, etc.)
- Levar a cabo sesións informativas no comezo do curso para o alumnado sobre o uso da biblioteca e as súas actividades. Tamén se informará da existencia da figura do alumnado voluntario de biblioteca e das súas competencias, sempre e cando poidan desenvolver as súas funcións plenamente.

- Cara o final do curso, realizar unha sesión de acollida do alumnado de 6º de primaria dos colexios adscritos, cunha visita especial á biblioteca, se as condicións sanitarias o permiten.
- No que respecta ao mobiliario, colocar os novos andeis encargados o curso pasado e aseguralos ás paredes para que se poida consultar e acceder aos fondos en total seguridade.
- Actuar como enlace con outras fontes e servizos de información externos.
- Incluír unha sección propia da biblioteca na Aula Virtual do centro para realizar as enquisas de valoración pertinentes.

#### **4.2. Xestión técnica e organización. Normas da biblioteca.**

A biblioteca estará atendida por un equipo específico, formado por un/ha coordinador/a e varios profesores de apoio (preferiblemente de distintos departamentos) con horas de garda asignadas no seu horario. Tanto a persoa responsable da biblioteca como os integrantes do equipo deben ter unha dedicación horaria suficiente para desempeñar o seu labor e permitir que a biblioteca estea aberta o máximo de períodos lectivos posible, así como nos recreos.

Este equipo ten un labor non só técnico senón tamén pedagóxico, ofrecendo ao alumnado todas as oportunidades para o uso axeitado das fontes de información e o acceso á lectura como forma de lecer e medio de enriquecemento persoal, exercendo o papel de mediador no proceso lector. Así mesmo, será o encargado de planificar as distintas actividades ou exposicións en colaboración coa Dirección e os distintos departamentos. Para tal fin, procurarase ter unha hora de reunión semanal para coordinar os traballos e a organización da biblioteca escolar, sempre e cando a dispoñibilidade horaria o permita.

Ademais, intentaremos retomar o grupo de voluntarios da biblioteca coa finalidade de implicar ao alumnado na súa organización e xestión, do que falaremos no epígrafe 6.

Este curso continuaremos co expurgo, recolocación, actualización e catalogación dos fondos empregando o “Proxecto Meiga”. Periodicamente unha copia do catálogo da base datos será enviada ao servidor central da rede de Bibliotecas de Galicia co fin de poder ser publicada en internet. Os empréstitos e devolucións de fondos serán xestionados tamén mediante o anterior programa e realizaranse principalmente nos períodos de recreo.

O alumnado pode facer uso da biblioteca principalmente nos recreos para solicitar empréstitos ou facer devolucións, estudar, buscar información ou ler. Noutras horas só poden estar na biblioteca acompañados dun profesor ou profesora ou cun permiso especial para realizar traballos (alumnado con materias validadas) e sempre baixo a supervisión dun docente de garda.

En xeral, as actividades de formación de usuarios, educación en información e a dinamización cultural do centro serán motivo de atención en todos os trimestres, pero poderíase establecer a seguinte temporización:

- No primeiro trimestre, continuaremos coa informatización dos fondos e coa formación de novos usuarios. Así mesmo, poñeremos en marcha os grupos (voluntarios, club de lectura) sempre que a situación sanitaria o permita.
- No segundo trimestre tentaremos realizar actividades específicas de fomento da lectura, axeitadas ás diferentes idades, intereses, idiomas, etc., aínda que iso vai ser unha constante ao longo de todo o curso. Desde a biblioteca tamén se farán concursos e exposicións temáticas, eventos literarios, temas lingüísticos ou de información cultural en xeral. Ademais, se realizarán actividades con motivo das diferentes conmemoracións e celebracións do ano.
- E no terceiro trimestre, xunto co Equipo Directivo, revisaremos de maneira realista o proxecto lector para adaptalo ás necesidades do noso centro nos vindeiros cursos.

As **normas de uso da nosa biblioteca** estarán publicadas na web do centro e expostas no taboleiro de novas á entrada da mesma. O curso pasado tivemos que adaptalas á normativa sanitaria. Detallámolas a seguir:

**Normas xerais:**

1. A biblioteca é un espazo compartido, daquela, debemos respectar a colocación e distribución do material para facilitar un bo uso da mesma.
2. Non está permitido nin comer nin beber na biblioteca.
3. O silencio é fundamental para unha boa concentración e un bo ambiente de traballo.
4. A biblioteca non é un lugar de castigo, senón un lugar para o estudo, o lecer e a procura de coñecemento.

**Empréstitos:**

5. O horario de empréstito e de devolución será só no período de recreo.
6. Os materiais suxeitos a empréstito réxense polos seguintes criterios:
  - Libros de lectura (7 días).
  - Os DVD, CD e vídeos soamente poden ser levados as fins de semana. No caso de ser levados ás aulas en horario lectivo polo profesorado deben ser devoltos ao rematar as sesións dedicadas ao seu visionado.
7. Cada alumno/a poderá levar ata un máximo de 3 libros ao mesmo tempo.



8. Para solicitar o empréstito do material, o alumnado deberá dirixirse ao profesorado de garda. Deberá proporcionarlle o nome do autor, o título do libro, o seu número de lector, así como o nº de rexistro do libro que desexa levar, que figura na parte superior dereita da primeira páxina.
9. Unha vez transcorridos os 7 días de prazo, se o/a interesado/a desexa prorrogar o empréstito, deberá devolver o libro e proceder a un novo empréstito por outros 7 días máis. Soamente haberá unha única prórroga para facilitar o acceso ao material a outra persoa.
10. En caso de extravío ou deterioro do material emprestado, o/a responsable (o beneficiario do empréstito) terá que se facerse cargo da súa substitución segundo o caso.
11. A partir do 1 de xuño deixaranse de prestar libros para poder dispor dun tempo prudencial para revisar a lista de morosos e notificar posibles sancións, xa que todos os libros deberán ser devoltos á biblioteca **antes do 7 de xuño.**

#### **Normas de uso dos ordenadores da biblioteca:**

12. O alumnado non poderá utilizar os ordenadores asignados ao profesorado nin aos voluntarios. O ordenador da mesa do profesorado utilizarase soamente para xestión interna da Biblioteca. Para eles están reservados os catro ordenadores situados baixo as ventás que terán as seguintes normas de uso:
  - Para estes ordenadores rexen as mesmas normas que para o resto dos equipos informáticos do centro.
  - Terán uso preferente deste servizo aqueles alumnos/as que non dispoñan de ordenador e/ou conexión a Internet na casa. Para iso, ao comezo de curso, confeccionarase unha lista co nome deste alumnado, que se exporá na Biblioteca, xunto aos ordenadores.
  - O profesorado responsable da Biblioteca controlará a utilización dos ordenadores, que só se poderán empregar para facer traballos e/ou consultar ou procurar información relacionada coa actividade académica.
  - O persoal de Biblioteca resérvase o dereito de finalizar a conexión a Internet dun alumno/a se o considera oportuno. O uso inadecuado deste servizo poderá supoñer a suspensión do mesmo de xeito indefinido.

### **MEDIDAS DE CONTROL NA BIBLIOTECA (no caso de non se cumpriren as condicións do empréstito)**

- O prestatario ten a obriga de devolver a obra á biblioteca, unha vez finalizado o prazo de empréstito, nas mesmas condicións en que a recibiu, polo que deberá informar ao persoal da biblioteca de calquera dano que observe no documento antes de que lle sexa prestado.
- A devolución de libros fóra de prazo será considerada conduta contraria ás normas de convivencia e corrixida cunha amoestación (nota de conduta) por parte do equipo da biblioteca. No caso de acumular 3 notas de conduta, procederase á sanción.
- O usuario reincidente no deterioro ou non devolución dun libro poderá ser sancionado coa privación temporal da utilización deste servizo por un máximo dun trimestre. A sanción será imposta polo profesorado encargado da Biblioteca e notificada aos pais/nais/titores legais polo/a titor/a. Para controlar as sancións, funcionará unha lista de morosos, que deben ter en conta os profesores/as encargados.
- O deterioro ou non devolución dun libro será causa de reposición, mediante a achega doutro exemplar igual ao deteriorado ou non devolto. De non ser así, o/a alumno/a quedará excluído/a do programa de empréstitos para os sucesivos cursos escolares e incorrerá nunha falta grave, que será sancionada segundo contempla o NOFC (pago polos representantes legais).
- **A partir do 7 de xuño** (último día para devolver os libros emprestados), procederemos a comunicarlles (vía Abalar ou vía telefónica) aos pais e nais dos alumnos e alumnas que non teñan devoltos os exemplares que deben entregalos **antes do 15 de xuño**.
- No caso de non facelo, terán que se facerse cargo da substitución ou reintegro do prezo do libro extraviado segundo o caso. Enviarase por correo certificado a sanción correspondente.

### **MEDIDAS EXCEPCIONAIS CURSO 2020-2021**

Sen prexuízo da aplicación das normas xerais, na biblioteca se establecerán as seguintes medidas específicas para adecuarse á situación sanitaria :

- A biblioteca permanecerá aberta durante recreos para empréstitos, lectura, estudo, procura de información, cun aforo limitado para cada espazo.

- O aforo máximo da biblioteca será de 16 alumnos/as, máis un/ha profesor/a e os voluntarios.
- Estarán sinalizadas as mesas e cadeiras que poden ser utilizados.
- O usuario/a da biblioteca hixienizará o posto utilizado antes e despois do seu uso.
- O alumnado deberá respectar o itinerario sinalado no chan para entrada e saída. Deberá así mesmo hixienizar as mans ao entrar, manter a distancia de seguridade (1,5 metros) e levar a protección facial posta en todo momento.
- O alumnado non manipulará aos libros dos andeis. Serán o profesorado de garda ou os voluntarios os que lle proporcionen o exemplar que soliciten.
- Os libros devoltos permanecerán en corentena durante 24 horas antes de colocalos nos andeis.
- Non poderán utilizarse os xogos de mesa.
- Os ordenadores usaranse individualmente para procurar información, facer traballos, etc., nunca para xogos. Terá prioridade de uso o alumnado que careza de medios informáticos no seu fogar.

Estas normas son susceptibles de cambiar ao longo do curso para adaptarse mellor á casuística da biblioteca escolar.

### **4.3. Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado.**

A biblioteca escolar pretende ser a principal fonte de recursos do centro e polo tanto é imprescindible a actualización e provisión do material necesario para poñer en marcha o Proxecto Lector e para dotar aos distintos departamentos dos fondos documentais que lles faciliten o seu labor docente. É un compromiso da nosa biblioteca escolar dispoñer dun mínimo de exemplares das lecturas que aparecen nas programacións didácticas do profesorado ata onde nos sexa posible. Xa que logo, pedirase aos distintos departamentos a súa colaboración para que a adquisición destes fondos sexa axeitada para a súa práctica docente.

Atendendo aos obxectivos do Proxecto Lector, estes deben servir para o desenvolvemento da competencia lingüística, para incrementar o gusto pola literatura (competencia cultural e artística), para dotarlles de recursos para acceder á información (tratamento da información e competencia dixital) e para facilitar a autoaprendizaxe (competencia para aprender a aprender).

Estes recursos difundiránse a través da nosa conta de Instagram, con fotos, vídeos, exposicións de novidades e outras actividades que co gallo das distintas conmemoracións se programen na biblioteca.

Pretendemos dinamizar e actualizar o blog (bibliotero.blogspot.com) e especialmente a conta de Instagram ((@iesoteroacorunabiblioteca), máis acorde co gusto do alumnado, pero desde outra perspectiva, incidindo na figura do alumnado voluntario de biblioteca. O alumnado voluntario fará recomendacións de lecturas, así como incitará ao resto dos discentes a estar informados en diversos ámbitos. Anunciaranse os libros de lectura mensual do Club de lectura Bibliotero e informarase puntualmente das diversas actividades da biblioteca coa idea de xerar unha interacción con toda a comunidade educativa. Non só se pretende que sexa mostra do que se fai senón que sirva para interactuar e formular novas dinámicas coas familias e discentes: xerar opinións e novas liñas de actuación.

#### **4.4. Formación de usuarios e adquisición da competencia informacional.**

Dentro das actividades que recolle o proxecto lector do centro está a formación de usuarios da biblioteca. Tal e como se fixo en cursos anteriores realizaremos unha sesión inicial de visita á biblioteca no mes de outubro, especialmente co alumnado de 1º e 2º ESO, (uns por seren novos no centro e outros porque non tiveron esa oportunidade o curso pasado) para darlles a coñecer o espazo físico e o proxecto da biblioteca para este curso 2021-2022.

- Tentaremos ensinar aos alumnos o sistema de catalogación da biblioteca para que sexan máis autónomos á hora de acceder aos fondos e non dependan sempre do profesor responsable.
- Incidiremos tamén no sistema de autoempréstito, na figura do alumnado voluntario de biblioteca e nas normas de uso e funcionamento para poder realizar a adquisición de competencia informacional e dixital.
- Tamén incidiremos no uso seguro de Internet: discriminar contidos, evitar páxinas perigosas, etc.

Durante este curso 2021-2022 esperamos recuperar o grupo de alumnado voluntario de biblioteca, un grupo de alumnos que apoia ao equipo da biblioteca nas tarefas relativas á xestión e á dinamización. Neste apartado terá unha especial atención a formación destes alumnos/as, xa que entre as súas funcións está a de axudar aos compañeiros na busca dos materiais da biblioteca.

Así mesmo, actualizaremos a guía de uso da biblioteca para publicala na web do centro e fomentarase a difusión do labor da biblioteca a través do Instagram.

O alumnado de 1º de ESO ten unha materia optativa denominada **Investigación e tratamento da información**, na que aprenden a manexarse coas fontes de información do

centro, centralizadas na biblioteca, e desenvolven un proxecto documental por trimestre. Un dos obxectivos é que ao final do curso sexan autónomos na procura da información para elaborar calquera tipo de traballo documental.

Tamén adoitamos levar a cabo cara a finais de curso unhas xornadas de portas abertas para o alumnado de 6º de Primaria dos colexios adscritos.

#### 4.5. Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro.

Intentaranse realizar as seguintes actividades para fomentar o hábito lector e mellorar a competencia lingüística, que facilita o pensamento crítico e o amor polos libros.

- **Plan de lecturas curriculares:** obras e textos de lectura obrigada ou voluntaria que complementan o currículo das distintas materias (achégase detalladamente no epígrafe 9).
- **Club de lectura:** este curso tentaremos retomar o club de lectura, activo desde o curso 2007-2008, agás o curso pasado. Faranse reunións periódicas para debater sobre unha obra literaria, así como encontros con autores e animadores da lectura. (detállase no epígrafe 6).
- Continuaremos conmemorando distintas **efemérides**, con **recomendacións e exposicións** dos materiais dos que dispón a biblioteca relacionados co evento a lembrar.
- Desexamos poder retomar os **encontros con persoeiros** (artistas, científicos, xornalistas e especialmente con autores literarios), como faciamos en cursos anteriores, que nos axudarán a coñecerlos, a comprender mellor a súa obra e a fomentar o gusto pola lectura e a cultura artística, literaria e científica.
- Levaremos a cabo, en colaboración con distintos departamentos do centro, **actividades de animación lectora**, entre elas *booktrailers*, realizadas por persoal do centro, polos discentes ou por animadores alleos que achegarán ao alumnado aos libros dun xeito máis lúdico.
- Continuaremos coa **caixa de suxestións** para que o alumnado poida pedir materiais do seu interese.
- Tentaremos introducir este ano o **empréstimo de fondos dixitais** para que os rapaces poidan dispoñer de lecturas noutros formatos e fomentar así o uso das TIC.

#### 4.6. Apoio ao estudo ou outras actividades desde a biblioteca para a comprensión das desigualdades sociais e a correcta atención á diversidade.

No centro existe alumnado de diversa procedencia social. O uso preferente de ordenadores para realizar traballos e de prioridade de empréstimo nos libros de lectura obrigatoria ten en conta esta realidade.

Temos tamén alumnado procedente de diversos países que ademais das clases de apoio existe unha biblioteca con materiais actualizados e adaptados ás súas necesidades, como dicionarios en varias linguas para favorecer a adquisición dos idiomas autóctonos ou lecturas adaptadas ao seu nivel de lingua.

Especial atención presta a biblioteca ao alumnado hipoacúsico, que adoita ter intérprete nas aulas e reforzo, e que conta na biblioteca con algúns libros específicos e materiais en lingua de signos.

O curso pasado adquirimos novos fondos de materiais inclusivos para este tipo de alumnado con NEAE e seguiremos traballando para conseguir unha actitude de normalización, visibilidade, respecto e axuda en relación coa diversidade para favorecer a súa integración no centro.

#### **4.7. Outras actuacións relacionadas con proxectos e programas nos que está inmerso o centro.**

- Tal e como está recollido no noso plan de convivencia, ao longo do curso colaboramos con todos os departamentos a través de actividades variadas sobre os temas transversais: educación para a paz, educación medioambiental, etc.
- Así mesmo, colaboraremos, como vén sendo habitual, en todas as actividades que propoña o Equipo de Dinamización Lingüística (día de Rosalía, día das Letras Galegas, Proxecto Antonio Fraguas, etc.)
- Ademais, seguiremos a apoiar o proxecto “MÁIS POLA IGUALDADE”, iniciado no curso 2017-2018, a través da adquisición e promoción de diversos materiais sobre ese tema.

#### **4.8. Criterios e procedementos de avaliación dos servizos da biblioteca e da situación da lectura no centro. Indicadores e instrumentos a utilizar.**

Ao final de cada curso realízase unha memoria da biblioteca escolar e do Proxecto Lector, na que se comproba o cumprimento dos obxectivos fixados para o ano e se aportan propostas de mellora. Temos á disposición de todos os usuarios unha caixa de suxestións, xa que consideramos moi importante a súa opinión sobre o funcionamento e recursos da mesma.

Para a avaliación, os instrumentos serán a observación e rexistro dos procesos e dos resultados obtidos e a realización de enquisas (dispoñibles nunha sección propia na Aula Virtual do centro) tanto ao profesorado como ao alumnado.

En canto aos criterios de avaliación do proxecto de biblioteca, teranse en conta os seguintes aspectos:

- Dispoñibilidade do profesorado para a biblioteca.

- Modificacións e melloras do espazo físico.
- Valoración da cantidade e calidade dos fondos documentais, en relación coa súa utilidade e adecuación dos temas aos intereses do alumnado.
- Funcionamento e utilidade do programa MEIGA para a catalogación, a organización e dispoñibilidade dos documentos tanto para o alumnado como para o profesorado.
- Nivel de formación dos usuarios.
- Grao de uso da biblioteca como centro de recursos do centro.
- Desenvolvemento do programa das actividades de animación á lectura.
- Avaliación das actividades de animación á lectura, tendo en conta o nivel de participación nas mesmas e comprobando se resultaron atractivas, motivadoras e didácticas.
- Valoración do nivel de participación da comunidade educativa nas actividades deseñadas e promovidas pola biblioteca.
- Valoración por parte dos departamentos das actuacións desenvolvidas desde a biblioteca.
- Nivel global de funcionamento do proxecto de biblioteca.

## **5. SECCIÓN (BIBLIOTECAS DE AULA E DEPARTAMENTOS).**

O curso pasado desmantelamos todas as bibliotecas de aula por necesidade de espazo e por evitar o uso compartido dos libros sen poder asegurar o tempo estipulado polas autoridades sanitarias para a corentena.

Mentres dure a situación sanitaria seguiremos a manter a centralización dos fondos no espazo da biblioteca, pero contamos con poder retomar certa normalidade nos vindeiros cursos.

Os fondos dos departamentos non adoitan ser emprestados, senón que son para uso e consulta do profesorado do centro. Con todo, algúns dos materiais didácticos si que están a disposición do alumnado na sección da biblioteca habilitada para os departamentos e seguen as normas de empréstito habituais.

Conviría levar a cabo un expurgo nos propios departamentos e realizar un inventario das obras das que dispoñen, para poder catalogar debidamente eses fondos.

## **6. GRUPO DE ALUMNADO VOLUNTARIO DA BIBLIOTECA ESCOLAR**

Como xa mencionamos antes, durante este curso 2021-2022 queremos continuar coa figura do voluntario de biblioteca, un grupo de alumnos que apoia ao equipo da biblioteca nas tarefas relativas á xestión e á dinamización.

O tempo dedicado a este labor contabilizarase a través dun rexistro de horas e de actividades realizadas. Este tempo de voluntariado seralles recoñecido mediante a emisión de certificados de acción voluntaria. Para poder optar a este certificado deberán realizarse un mínimo de 15 horas anuais.

O alumnado voluntario deberá asinar un compromiso xunto co responsable da biblioteca escolar, que poderá ser revocado sempre que se avise en tempo e forma. Por seren alumnos menores de idade, os pais/nais deberán ser informados e asinar unha autorización.

### **6.1. Obxectivos:**

- Favorecer a formación de actitudes de colaboración no ámbito cultural entre o noso alumnado.
- Implicar ao alumnado na dinamización da biblioteca escolar e nas actividades de fomento da lectura.
- Educar ao alumnado na solidariedade, fomentando a axuda entre iguais.

### **6.2. Tarefas dos coordinadores.**

- Formar e coordinar o grupo de voluntarios, distribuíndo as tarefas e/ou actividades a realizar e establecendo un calendario de participación.
- Facilitar unha formación básica do alumnado voluntario para que poidan levar a cabo as tarefas encomendadas.
- Supervisar o traballo do alumnado voluntario durante o curso escolar.
- Levar conta das horas e das actividades realizadas a través dun rexistro que sirva para certificar posteriormente o labor dos voluntarios.
- Xestionar os contidos que se publican no blog e nas redes sociais da biblioteca nas que colaboran os voluntarios.

### **6.3. Tarefas dos voluntarios.**

- Axudar aos compañeiros a atopar o libro que buscan nos andeis da biblioteca.
- Consultar no catálogo.
- Axudar a etiquetar os fondos.
- Ensinar aos usuarios da biblioteca a utilizar o ordenador de autoempréstito.
- Axudar na colocación dos libros devoltos.
- Axudar na colocación de exposicións temáticas periódicas.
- Aportar ideas para a compra de novo material.
- Participar activamente no blog ou nas redes sociais da biblioteca (fomento da lectura, exposicións, conmemoracións, concursos, etc.).

### **6.4. Avaliación.**

Ao final de curso tanto o alumnado participante como o equipo da biblioteca realizarán unha reunión para amosar o seu grao de satisfacción co programa. Así mesmo, poderán



facer as propostas de mellora que consideren convenientes para introducilas nos vindeiros cursos.

## **7. CLUB DE LECTURA “BIBLIOTERO”.**

O Club de lectura “BIBLIOTERO” da Biblioteca do IES Ramón Otero Pedrayo da Coruña pretende ser un lugar de encontro arredor dos libros e entre os libros. O noso club comezou a súa andaina no curso 2007-2008. O curso pasado sufriu un parón por mor da situación sanitaria causada pola pandemia da COVID-19, pero contamos con retomalo con forzas este curso escolar.

### **7.1. Obxectivos. Relación co proxecto lector de centro e a biblioteca escolar.**

As actuacións neste campo estarán encamiñadas a animación á lectura como fonte de pracer, e basearanse no noso esforzo por procurar tempos, espazos e ambientes para a lectura individual e compartida, tal e como se recolle no Proxecto Lector de centro. Os obxectivos principais serán os que se citan a seguir:

- Compartir cos compañeiros e compañeiras o pracer de ler.
- Debater sobre o lido na casa: o estilo literario, a acción, as personaxes...
- Desenvolver o aspecto socializador da lectura aportando experiencias persoais que se deriven dos comentarios das lecturas.
- Potenciar a comprensión lectora poñendo en contacto ao alumnado con xéneros literarios ou autores/as descoñecidos para eles.
- Educar no uso crítico da información e reflexionar sobre os contidos presentes nos medios de comunicación e nas obras de lectura seleccionadas.
- Recomendar a lectura de distintos xéneros literarios e en formatos diferentes.
- Fomentar, incrementar e estimular o hábito lector entre os participantes e o resto do alumnado a través dos membros do Club de lectura.
- Favorecer a expresión oral do noso alumnado que ás veces na aula en gran grupo está máis restrinxida ás intervencións puntuais sobre temas académicos.
- Facer accesibles os libros a moitos alumnos e alumnas que teñen dificultades de comprensión e/ou NEAE.
- Impulsar a lectura na nosa lingua para contribuír a un maior vínculo dos mozos e mozas con ela.

### **7.2. Actividades previstas. Actividades específicas de impulso á lectura, especialmente en galego**

O fomento da lectura é un proceso dinámico polo que as actividades que pasamos a referir son unha orientación, podendo ser eliminadas, modificadas ou cambiadas en función das necesidades e intereses que xurdan:

- Lectura de obras de interese literario e argumental para os rapaces ao longo do curso (polo menos unha cada mes), principalmente en galego.
- Difusión da actividade do club no blog da biblioteca ou noutras redes sociais.
- Elaboración de *booktrailers* sobre os libros lidos para animar a outras persoas á súa lectura.
- Recomendar as versións adaptadas das novelas á banda deseñada ou ao cine para establecer comparacións entre elas.
- Levar a cabo encontros con escritores e escritoras galegas, de ser posible.
- Potenciar a lectura de libros en galego a través dunha gran oferta.
- Favorecer a creación literaria de distintos xéneros, participando nos concursos organizados pola biblioteca do centro.

### **7.3. Actividades para estimular a participación de varóns.**

O noso club conta de momento con pouca participación masculina, pero agardamos que se apunten máis rapaces atraídos pola banda deseñada e o manga, que incluiremos nas lecturas propostas. Estes formatos adoitan espertar entre o alumnado máis interese pola lectura. Ademais, a lista de lectura será consensuada cos grupos, así que esperamos que eles aporten suxestións sobre os temas sobre os que máis lles gusta ler. Pensamos que este é un bo xeito de favorecer a participación dos rapaces no club, sen impoñerlles lecturas que non son do seu gusto.

### **7.4. Actividades para incentivar a participación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**

Na medida do posible, tentaremos escoller lecturas que ofrezan unha versión adaptada para que todos aqueles alumnos/as con dificultades específicas de aprendizaxe poidan participar no noso club. Ademais, queremos incluír algunha lectura cuxa temática trate de rapaces e rapazas con diversidade funcional e/ou neuronal.

### **7.5. Composición e número de participantes aproximado. Implicación de outro profesorado do centro**

Neste momento de comezo de curso hai varios alumnos/as interesados que se dividen nos seguintes niveis:

- 10 persoas de 1ºESO
- 10 persoas de 2ºESO
- 5 persoas de 3ºESO

A coordinadora será a responsable da biblioteca escolar, Ana Campos Rey. Colaborarán as profesoras M<sup>a</sup> Fe Vega Madroñero, Beatriz Del Río Aguirre e Ánxeles Minguillón.

A coordinadora terá as seguintes funcións:

- Analizar a situación de partida para formar grupos coherentes que funcionen ben.
- Organizar a elección das lecturas elixidas e a distribución dos libros.
- Organizar actividades complementarias: encontros con autores, visitas a exposicións, asistencia colectiva a diversas manifestacións culturais, concertos, obras de teatro, etc., sempre que a situación sanitaria o permita.
- Moderar as reunións, xunto co profesorado colaborador, facendo que se respecten as quendas de palabra, evitando enfrontamentos, marcando o tempo de participación, etc.
- Fomentar nas sesións preguntas que estimulen a intervención de todo o alumnado.
- Orientar, resolver dúbidas, procurar información ou materiais complementarios, etc.
- Recoller as suxestións que poidan xurdir.
- Colaborar na planificación e no desenvolvemento das actividades previstas.

#### **7.6. Forma de organización e funcionamento**

Este curso seguimos coa obriga de adaptarnos ao protocolo COVID do centro e, xa que logo, haberá que respectar as normas sanitarias e as medidas de seguridade.

Cada grupo terá un número reducido de participantes (máximo 6/7 alumnos, mais a coordinadora) e todos eles pertencerán ao mesmo nivel educativo.

Realizarase unha reunión mensual por grupo cun coordinador/a durante o período do recreo e no espazo da biblioteca. A distancia interpersonal será respectada en todo momento, así como a ventilación do espazo. Non descartamos que se poida realizar así mesmo algunha reunión virtual a través de Webex, de ser necesario.

Os títulos facilitarao a coordinadora, de acordo co profesorado colaborador e tendo en conta os fondos que hai na biblioteca e/ou nas bibliotecas públicas da contorna (no noso caso a biblioteca municipal González Garcés). Así mesmo, aceptaremos propostas ou suxestións dos participantes. Porén, nunca se lerán os libros que son obrigatorios nas distintas materias.

Para realizar esta lista de títulos, tentaremos que as lecturas escollidas abrangan un itinerario lector coherente, mais con distintos xéneros literarios (narrativa, poesía, relato curto, teatro, banda deseñada, etc.) e, a poder ser, en diferentes formatos (libro impreso, libro dixital). Alternaremos lecturas en galego e en castelán.

No que se refire á temática, xa que o noso centro está inmerso no proxecto “Máis pola igualdade”, desexaríamos que algunha das lecturas estivese dedicada ao tema da igualdade de xénero. Así mesmo, gustaríanos centrarnos tamén en temáticas a favor da integración e da non discriminación por razóns de orientación sexual, diversidade funcional

ou neuronal, relixión, orixe étnica, etc. E finalmente, tamén queremos achegar as nosas lecturas ás efemérides e conmemoracións de cada mes.

Cómpre destacar que teremos en conta o calendario escolar á hora de elixir as lecturas, propoñendo obras máis curtas en períodos de exames. Evitaríamos así que o alumnado deixase de ler os libros sinalados por mor das probas de avaliación. Con todo, unha lectura ao mes parécenos un número máis que razoable para os nosos rapaces e rapazas.

Ademais, no caso de haber varios grupos do mesmo nivel, tentaremos alternar as lecturas entre grupos para que sempre haxa libros dispoñibles para todos os participantes.

Elaborarase un cuestionario no que o alumnado explicará o que máis lle gustou do libro, o que menos, a súa impresión final, se recomendaría ou non a súa lectura, etc.

Nalgunhas sesións buscarase información na Internet sobre o autor ou autora ou sobre o propio libro.

### **7.7. Horario e calendario previsto para as reunións de carácter presencial**

Organizaranse os grupos durante o mes de outubro para poder empezar coa primeira reunión en novembro. As persoas integrantes dos grupos coñeceranse e poderán reflectir os seus hábitos lectores. Informarase ao alumnado do funcionamento, as normas e as actividades do club. Faranse as propostas de lectura e organizarase a rotación de libros. Na segunda semana do mes de novembro empezaremos con todos os grupos as sesións presenciais.

O alumnado fará unha posta en común do libro lido ou da parte que estea lendo: tema, estrutura, características das personaxes, dúbidas, etc. A profesora axudará a obter información sobre a obra, o autor, a corrente literaria, o contexto histórico, entre outras. Presentaranse novas propostas de lectura. As sesións realizaranse nos recreos (unha por mes).

### **7.8. Medios previstos para a súa difusión entre a comunidade escolar.**

Utilizaremos principalmente o blog da biblioteca para as comunicacións e publicacións do club. Nel informarase a todo o alumnado e ás súas familias da creación do club, mediante un documento que recolla os obxectivos, horarios, normas, libros recomendados, etc.

Así mesmo destacaremos algunhas actividades do club na nosa conta de Instagram para dalo a coñecer a toda a comunidade educativa.

Unha vez posto en marcha e funcionando, o mellor método de difusión son os participantes do club, que poderán convidar a outros compañeiros/as as sesións.

## 8. ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS:

ACTIVIDADES PREVISTAS	TEMPORIZACIÓN
Visita e presentación do funcionamento da nosa biblioteca ao alumnado de nova incorporación.	1º trimestre
Club de lectura	Ao longo do curso
Voluntariado de biblioteca (de ser posible)	Ao longo do curso
Actividades de lectura en público con motivo de certas efemérides: día da poesía, día de Rosalía, etc.	Na data sinalada
Programación de semanas temáticas ou culturais (da prensa, da poesía, da ciencia, do deporte, da música, etc.)	Na data sinalada
Campañas informativas sobre libros e novas adquisicións e/ou de animación á lectura a través da nosa conta de Instagram.	Ao longo do curso
Visitas e xuntanzas con persoeiros (escritores, investigadores, xornalistas, contacontos, ...).	Datas a convir
Comemoración de efemérides co gallo das distintas celebracións previstas no calendario escolar, especialmente en datas significativas como o Día das Letras Galegas, Día do Libro, etc. e outras menos ritualistas.	Na data sinalada
Elaboración de listados de libros aconsellados nas vésperas de vacacións ou con motivo de datas sinaladas con temática específica (Samaín, San Valentín, etc.)	Ao longo do curso
Visitas a empresas de comunicación: xornais, radio, televisión.	Data a convir
Actualización do blog da biblioteca (principalmente para as actividades do Club de Lectura) e da conta de Instagram (para dar a coñecer o labor da biblioteca e para actividades de fomento da lectura).	Ao longo do curso
Concursos de redacción ou creación de distintos xéneros literarios: este curso dedicáremolo á poesía cun concurso de caligramas en diversos idiomas.	2º/3º trimestres
Elaboración dun fanzine baixo a coordinación dun docente.	Ao longo do curso (Publicación no 3º trimestre)
Visitas a bibliotecas da nosa contorna	1º trimestre

## 9. ACHEGAS DOS DEPARTAMENTOS AO PLAN ANUAL DE LECTURA (ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LECTURA E A COMPRESIÓN LECTORA EN TODAS AS ÁREAS E MATERIAS).

### 9.1. Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

O departamento de ciencia considera que a lectura é unha ferramenta indispensable para acadar un mínimo de coñecementos en calquera dos eidos do saber polo que contribuímos ó Proxecto Lector de centro do seguinte xeito:

#### Obxectivos:

- Fomentar o uso da lectura na metodoloxía da práctica docente.
- Aumentar a competencia lectora.
- Situar a lectura dentro do proxecto curricular.
- Conectar a bioloxía con episodios da vida cotiá.
- Promover o emprego das TIC a través de actividades de lectura.
- Apoiar a adquisición das competencias básicas.
- Empregar a lectura como fonte de enriquecemento persoal.
- Aumentar a capacidade de investigar e aprender de forma propia.
- Acadar unha velocidade e comprensión axeitadas ao curso.
- Empregar a lectura como medio para ampliar o vocabulario.
- Apreciar o valor de textos literarios.
- Incrementar o vocabulario xeral e específico (Bioloxía).

#### Actividades:

- Lecturas de textos e revistas científicas.
- Emprego da prensa para realizar pequenas investigacións sobre temas científicos de actualidade.
- Utilización da biblioteca escolar como lugar de traballo de investigación.
- Lectura da biografía de científicos/as
- Emprego dos fondos web para ampliar o vocabulario e para a procura de información.
- Lectura obrigatoria de polo menos un dos libros propostos a continuación.

NIVEL	LIBROS DE LECTURA
1ºESO	<ul style="list-style-type: none"><li>• La clave secreta del Universo. Lucy-Stephen Hawking.</li><li>• Mi familia y otros animales. Gerald Durrell.</li><li>• El asesinato de la profesora de ciencias. Jordi Sierra y Fabra.</li></ul>
3ºESO	<ul style="list-style-type: none"><li>• Balmis y los niños de la vacuna. Luis Blanco Laserna</li><li>• Os nenos da variola. Maria Solar</li><li>• No me baciles. Montserrat Argerich Tarrés</li></ul>
4ºESO	<ul style="list-style-type: none"><li>• La vida contada por un sapiens a un neandertal. Juan José Millás,</li></ul>

	<p>Juan Luís Arsuaga.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• La evolución de Calpurnia. Jacqueline Kelly e Isabel Margelí.</li><li>• La vuelta al mundo de un forro polar rojo. Wolfgang Korn.</li></ul>
--	---

### **Avaliación:**

Todos os traballos presentados dentro do Plan Lector están contemplados nos criterios de cualificación das distintas unidades da programación didáctica e serán avaliados os seguintes aspectos:

- Destreza lectora
- Cumprimentación de fichas específicas sobre a lectura proposta.
- Participación en debates
- Realización de exposicións: traballos colaborativos sobre temas transversais das diferentes
- Lecturas propostas.

## **9.2. Departamento de Educación Física**

A Educación Física ten un carácter eminentemente práctico e vivencial e o seu currículo a de axustarse un marco de dúas sesións semanais onde a máxima prioridade é a actividade motriz en toda a súa extensión e diversidade. Por estes motivos e moitos outros, a actividade lectora será sempre complementaria e fundamentarase no traballo de lectura, comprensión, resumo e fixación de coñecementos teóricos que deberán facer os alumnos e alumnas dedicándolle tempo fora das dúas horas comprometidas coa práctica física.

Dita actividade será avaliada trimestralmente a cada alumno/a segundo os criterios de cualificación establecidos na programación.

Na área de Promoción de Estilos de Vida Saudables, a actividade lectora é imprescindible para a recompilación e busca de información necesaria para a construción dos aprendizaxes activos e construtivos por parte dos alumnos e alumnas, así como para a elaboración de traballos e postas en común.

## **9.3. Departamento de Educación Plástica, Visual e Audiovisual**

Hai que entender a materia de Educación Plástica como aproximación a unha linguaxe diferente, a linguaxe das imaxes, que ten os seus propios códigos e signos. Esta linguaxe en moitas ocasións acompaña e complementa á linguaxe oral e escrita. Por isto, as accións previstas para o fomento da lectura dentro da área de plástica empezan pola utilización desta destreza instrumental na propia aula. Deste xeito, a utilización de libros de

arte, textos, lectura de imaxes, etc. obriga a unha participación dos alumnos/as na explicación dos mesmos. No caso de lecturas de textos ou imaxes, o alumno/a ten que ler en alto con pausas e entoación, trátase de que lle explique aos compañeiros o que el entendeu respecto do texto lido ou a imaxe visualizada. Ás veces interveñen varios alumnos/as para dar a súa opinión, polo que tamén se establecen debates con diferentes visións. Esta participación obriga a unha concentración por parte da maioría do alumnado. Deste modo, utilizamos na aula de plástica a lectura comprensiva durante as explicacións e reflexións dos temas a tratar.

Ademais, un dos obxectivos específicos desta materia para todos os niveis é: “Adquirir e familiarizarse coa terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual”. Para lograr isto é imprescindible a lectura comprensiva e a expresión escrita.

Por outra banda, en 1º, 3º e 4º ESO , propoñeranse ao alumnado traballos teórico-prácticos sobre os contidos do currículo referentes á lectura e análise de imaxes, comentarios de obras de arte, realización de foto-narracións combinando imaxes e textos, iniciando así ao alumnado á linguaxe fotográfica e cinematográfica, etc.

#### **Outras accións:**

- Colaboración cos departamentos de Lingua Castelá, Lingua Galega, Inglés e Francés para a realización de proxectos conxuntos como ilustración de textos literarios, carteis ou portadas de libros, cómics desenvolvendo unha historia ou argumento, elaboración dos decorados das obras de teatro, etc.
- Participación no Equipo de Dinamización da Biblioteca e colaboración en posibles campañas de promoción da lectura como concursos, carteis, murais, etc.
- Participación no Equipo de Dinamización Lingüística e colaboración en accións conxuntas ou individuais, como a impartición da docencia en lingua galega a partir do curso 2017/18, coa conseguinte contribución á mellora da competencia lectora nesta lingua.
- Contribución á mellora da competencia lingüística en lingua inglesa, mediante a docencia bilingüe da materia en 1º ESO.

#### **9.4. Departamento de Física e Química**

Un dos grandes problemas atopados no alumnado de Física e Química e, por extensión, en todas as materias científicas, é a de que lles custa moito entender os textos científicos. Desde este departamento pretendemos que se cumpran os seguintes obxectivos para o noso alumnado:

- Ler de maneira comprensiva textos científicos de Física e Química acordes co nivel de ensino onde se atopa.



- Mellorar a capacidade de lectura e escritura dos alumnos e alumnas, así como a súa capacidade de comprensión dos textos.
- Elaborar resumos de textos científicos sinxelos extraendo a idea principal dos mesmos.
- Adquirir unha linguaxe científica o máis clara posible, sendo capaz de incorporala á súa linguaxe habitual
- Promover entre o alumnado a lectura sen prexuízos, sen medo ao ridículo, participando e preguntando o que non se entenda.
- Fomentar o gusto pola lectura

Para cumprir con estes obxectivos propoñemos unha serie de actividades que desenvolveremos durante todo o curso académico. Estas actividades son as seguintes:

- a) Desenvolvemento de actividades consistentes na lectura comprensiva de textos breves.
- b) Lectura de traballos levados a cabo por científicos e científicas ilustres relacionados cos contidos abordados nas unidades didácticas.
- c) Lectura voluntaria de libros de divulgación científica.

#### **Lecturas recomendadas:**

- **Para 2º ESO:** “El asesinato de la profesora de ciencias”. Jordi Sierra i Fabra. ANAYA
- **Para 3º ESO:** “La puerta de los tres cerrojos”. Sonia Fernández Vidal. Editorial: Destino Infantil & Juvenil
- **Para 4º ESO:** “Una breve historia de casi todo”. Bill Bryson. Editorial: RBA

### **9.5. Departamento de Francés**

Na formación intelectual e humana de todo ser humano, a lectura desempeña un papel moi importante. Lendo, os alumnos amplían o seu coñecemento da lingua. Como materia lingüística que é o francés, procederemos ao longo do curso á lectura de diversos textos relacionados coa cultura francófona. A finalidade será non só que o alumnado lea e realice unha lectura comprensiva dos textos, senón que aumente a súa curiosidade e o seu interese por ampliar coñecementos sobre Francia e a Francofonía.

Desde o noso departamento propoñémonos os seguintes obxectivos:

- Fomentar entre o alumnado o gusto pola lectura como fonte de información, lecer e enriquecemento persoal.
- Desenvolver no alumnado o hábito lector.
- Mellorar a súa comprensión escrita.
- Estimular a escritura como medio de expresión persoal.

Para tentar acadalos establecemos as seguintes actividades:

En 1º de ESO os alumnos comezan a estudar francés de cero e non teñen suficiente nivel para ler un libro integramente en francés desde o comezo de curso. Por iso, ao principio adoitamos empregar os textos que aparecen no manual escollido, que xa están adecuados ao seu nivel de comprensión da lingua e poden ser empregados como punto de partida. Trimestralmente empregaremos textos de elaboración propia aportados pola profesora para ler e comentar na clase e logo proporcionáremoslles outros similares para poder avaliar o seu nivel de comprensión.

Ademais, tentamos fomentar a lectura e o interese pola cultura francesa animándoos a que lean banda deseñada de orixe francófona (Tintin, Astérix, Titeuf, Lucky Luke, etc.) en galego ou español, dispoñibles na biblioteca do centro ou na biblioteca municipal.

En 2º, 3º e 4º de ESO e está prevista a lectura dun libro adaptado en cada un dos cursos. Traballaremos a comprensión escrita a partir de preguntas sobre o texto que os alumnos deberán contestar con precisión e claridade. Ademais, estes libros dispoñen de fichas pedagóxicas de explotación da lectura con exercicios variados de comprensión e expresión escritas.

CURSO	TÍTULO	EDITORIAL	ISBN
2º ESO	<i>C'est chouette, la vie!</i>	Collection Évasion. Ed. Santillana Français. Niveau 1.	9788496597044
3º ESO	<i>Le fil rouge</i>	Collection Évasion. Ed. Santillana Français. Niveau 1+.	9788496597983
4º ESO	<i>Selma se connecte</i>	Collection Le Chat Noir. Ed. Vicens Vives. Niveau A2	9788468233413

## 9.6. Departamento de Inglés

O departamento de inglés contribúe ao fomento das actividades lectoras entre o alumnado do centro por medio de:

### a) Libros de lectura obrigatoria en todos os niveis da ESO:

Hai un libro de lectura obrigatoria para cada nivel que o departamento fixa no mes de xuño, e se inclúe no material didáctico que utilizan os alumnos ao longo do curso escolar. Este libro de lectura será obxecto de diversas actividades e probas que o alumno deberá facer durante a súa lectura ou ao seu remate. Por medio da lectura deste libro e as actividades relacionadas coa mesma os alumnos desenvolverán habilidades como: utilizar os dicionarios de forma axeitada, facer resumos sobre o que van lendo, acrecentar o seu vocabulario, ler textos e distinguir o fundamental do secundario, expresar opinións sobre o mesmo, etc.

No presente curso 2021–2022 os libros de lectura obrigatoria no segundo trimestre serán os seguintes:

- 1º ESO: “The Girl with the Green Eyes”, Editorial Oxford University Press
- 2º ESO: “Footsteps”, Editorial Burlington Books
- 3º ESO: “The Ghost of the Green Lady”, Editorial Oxford University Press
- 4º ESO: “The Secrets of Silver Lake”, Editorial Burlington Books

#### **b) Libros de lectura opcional:**

Este departamento intenta que os alumnos identifiquen a lectura como unha forma de ocio e fonte de pracer. Para isto, os profesores da materia informarán os alumnos da existencia de libros de lectura e revistas en lingua inglesa, sobre diferentes temas e niveis, que teñen a súa disposición no departamento de inglés e na biblioteca do centro. A lectura destes libros será voluntaria e non implicará a realización de ningunha tarefa posterior. Non obstante, se os alumnos amosan que leron algún libro de forma voluntaria (mediante un traballo, presentación, ficha de lectura etc.) poderemos telo en conta como unha nota máis no apartado de actitude - notas de traballos.

#### **c) Lectura de textos:**

A aprendizaxe dunha lingua implica necesariamente a LECTURA e COMPRENSIÓN cotiá dentro e fóra da aula de diversos tipos de textos: narrativos, descritivos, argumentativos, diálogos etc., e con diferentes rexistros: formais ou informais. Así mesmo, as fontes de lectura serán variadas: textos adaptados no libro do estudante, busca de información na web, periódicos, revistas, etc. e en soportes de papel ou dixitais.

### **9.7. Departamento de Lingua e Literatura Castelás**

Dende hai varios cursos no PLC temos establecida unha actividade para todos os niveis da ESO: “A hora de ler”, que consiste na lectura individual e libre durante o tempo e horas que vai indicando o coordinador da biblioteca. O departamento colabora nesta actividade en todos os cursos da ESO coa finalidade de fomentar a lectura e de propiciar o hábito lector do alumnado. Este curso, ao igual que o curso anterior, non dispoñemos de bibliotecas de aula para evitar o intercambio de material entre o alumnado, seguindo as normas do protocolo anti-covid; ademais, os protocolos de uso do material bibliográfico do centro condicionarán en gran medida o desenvolvemento desta actividade, xa que este curso, establececese que o alumnado empregue, ben obras propias, ben libros da biblioteca, entregados polo profesorado da biblioteca. Estas medidas tómanse para evitar a

manipulación de libros da biblioteca polos discentes, respectando o protocolo de medidas contra o SARS-CoV-2, continuando as medidas adoptadas no curso 2020-21.

A materia de Lingua Castelá e Literatura establece, polo menos unha lectura obrigatoria por avaliación, procurando que sexan dúas lecturas en 1º de ESO, xa que a materia dispón de máis horas nese curso e unha das lecturas é realizada na aula. En todos os cursos promoveranse tarefas voluntarias con outras obras de lectura e faranse recomendacións lectoras para os períodos de lecer dos discentes.

A pesar de continuar co protocolo anti-covid creárase un Club de lectura, coa participación de profesorado e alumnado e coordinado por profesoras do departamento de Lingua Castelá e Literatura; tamén continuaremos coa colaboración do alumnado voluntario da biblioteca, que fomentará a lectura entre os compañeiros e compañeiras con diversas actividades como os “Booktrailers”, recensións no blog da biblioteca ou publicacións na conta de Instagram da biblioteca, etc. como tarefas dentro da materia de Lingua Castelá e Literatura e de Investigación e tratamento da información.

#### Lecturas propostas:

<b>1ºESO</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <i>Palabras de Caramelo</i>, Gonzalo Moure, Anaya.</li><li>• <i>El asesinato de la profesora de Lengua</i>, Jordi Sierra i Fabra, Anaya.</li><li>• <i>Scott y Amundsen</i>, VVAA, editorial Vicens Vives.</li><li>• <i>Las lágrimas de Shiva</i>, César Mallorquí, Edebé.</li><li>• <i>Mitos griegos</i>, María Angelidou, Vicens Vives, Cucaña.</li><li>• <i>Miguel Strogoff</i>, Julio Verne, Vicens Vives, Cucaña.</li><li>• <i>Caperucita en Manhattan</i>, Carmen Martín Gaité, Siruela.</li><li>• <i>El reino de las Tres Lunas</i>, Fernando J. López, Loqueleo.</li></ul>
--------------	---

<b>2ºESO</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <i>La tuneladora</i>, Fernando Lalana, Bambú lector (Casals).</li><li>• <i>Nata y Chocolate</i>, Alicia Borrás Sanjurjo, Anaya.</li><li>• <i>El valle de los lobos</i>, Laura Gallego, SM.</li><li>• <i>La chica que patina y el tonto que la quiere</i>, Andrés Guerrero, Loqueleo.</li><li>• <i>Oliver Twist</i>, Charles Dickens, Vicens Vives, Cucaña.</li><li>• <i>Kafka y la muñeca viajera</i>, Jordi Sierra i Fabra, Siruela.</li><li>• <i>Cuando Hitler robó el conejo rosa</i>, Judith Kerr, Alfaguara.</li></ul>
--------------	---

<b>3ºESO</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <i>La leyenda del Cid</i>, Agustín Sánchez, Vicens Vives.</li><li>• <i>Finis Mundi</i>, Laura Gallego, SM.</li><li>• <i>La Celestina</i>, Fernando de Rojas, adaptación Vicens Vives.</li><li>• <i>La llamada de lo salvaje</i>, Jack London, Anaya/ Vicens Vives.</li><li>• <i>Don Quijote de la Mancha</i>, Miguel de Cervantes, adaptación, Vicens Vives-Cucaña.</li><li>• <i>El capitán Alatriste</i>, Arturo Pérez-Reverte, Alfaguara.</li><li>• <i>La flor púrpura</i>, Chimamanda Ngozi, Literatura Random House.</li><li>• <i>Cordeluna</i>, Elia Barceló, Edebé</li></ul>
--------------	--

<b>4ºESO</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <i>Siete leyendas y una carta</i>, Gustavo Adolfo Bécquer, Anaya.</li><li>• <i>La ratonera</i>, Agatha Christie, Vicens Vives.</li><li>• <i>Drácula</i>, Bram Stoker, Anaya, Clásicos a medida.</li><li>• <i>Sin noticias de Gurb</i>, Eduardo Mendoza, Seix Barral.</li><li>• <i>Marianela</i>, Benito Pérez Galdós, Vicens Vives.</li><li>• <i>Cuatro corazones con freno y marcha atrás</i>, Jardiel Poncela, Vicens Vives.</li></ul>
--------------	--

## 9.8. Departamento de Lingua e Literatura Galegas

### Obxectivos:

- Formar lectores competentes, autónomos e críticos.
- Enmarcar a lectura dentro do noso proxecto curricular, cunha secuenciación de actuacións ao longo do curso.
- Conseguir unha competencia lectora que facilite a relación autónoma do noso alumnado coa sociedade que o rodea e lle axude a comprendela.

### Metodoloxía:

Entendemos sempre o libro como unha xanela aberta ao mundo no que se desenvolve o alumnado.

Para traballarmos a transversalidade, non vemos método mellor: nas nosas lecturas priman sempre os valores da solidariedade, da comprensión do feito diferencial (en toda a súa amplitude), do coidado do medio ambiente, etc.

A lectura vai ser un alicerce fundamental da nosa actividade na aula, principalmente porque buscamos mellorar esa competencia, e tamén porque queremos conseguir actitudes positivas cara ó galego, cousa que se pode lograr en grande medida a través dunha selección coidada dos textos e actividades motivadoras. Para lograr isto:

- Participamos activamente no Club de lectura da biblioteca, tanto animando o alumnado a participar, como propoñendo obras de actualidade ou que nos parece poidan ser de interese.
- Traballaremos con textos sobre todo teatrais e poéticos, maioritariamente actuais, por ser estes xéneros os menos desenvolvidos no día a día. Faremos lecturas tentando que participe toda a clase.
- Levaremos á aula as novidades editoriais, fundamentalmente as relacionadas coa banda deseñada e/ou manga, que teñen unha estética moi próxima a eles.
- Realizaremos actividades de animación á lectura en colaboración coas editoriais e en relación cos libros seleccionados para ler ó longo do curso.
- Acudirán ó centro varios escritores para falaren da súa obra.
- Manteremos o alumnado informado das novidades editoriais e daremos a coñecer autores novos e obras potencialmente interesantes para elas e eles.

### **Lectura obrigatoria trimestral.**

O alumnado terá que dar conta dunha lectura obrigatoria marcada para cada trimestre (de non ser así, quedará pendente ata a proba extraordinaria de xuño).

Terá que dar conta non só do argumento, senón tamén do narrador, da época na que se desenvolve, do vocabulario aprendido e de todas as referencias culturais que aparezan.

Faremos sempre un coloquio sobre a obra, de xeito que vaian xurdindo os distintos pareceres e as vivencias que máis os marcaron.

<b>NIVEL</b>	<b>LIBROS DE LECTURA</b>
<b>1ºESO</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• O neno do pixama de raias, de John Boyne.</li><li>• Conta nove estrelas, de Andrea Maceiras.</li><li>• Descoñecidos, de David Lozano.</li></ul>
<b>2ºESO</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Non cantan paxaros neste bosque, de Carlos negro.</li><li>• O misterio de Portomarín, de Antía Yáñez.</li><li>• A lingua das bolboretas, de Manuel Rivas.</li></ul>

<b>3ºESO</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Cartas de inverno, de Agustín Fernández Paz.</li><li>• Made in Galiza, de Sechu Sende.</li><li>• Pel de lobo, de Xosé Miranda.</li></ul>
<b>4ºESO</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Ollos de auga, de Domingo Villar.</li><li>• Pepa a loba, de Carlos G. Reigosa.</li><li>• Palabra de bruxa, de Andrea Barreira Freije.</li></ul>

Esta lista irase actualizando para adecuarse ao alumnado, aos seus gustos, aos exemplares cos que contemos na biblioteca, ás posíbeis visitas de escritores e ás novidades editoriais.

### **9.9. Departamento de Matemáticas**

Co plan de lectura do Departamento de Matemáticas do IES Ramón Otero Pedrayo queremos acadar unha mellora na consecución das competencias clave do alumnado, especialmente na competencia en comunicación lingüística, e tamén noutras como as competencias dixital, conciencia e expresións culturais, aprender a aprender e matemática.

#### **Obxectivos.**

- Fomentar, por parte do profesorado do departamento, a lectura de noticias relacionadas con contidos da materia de cada curso.
- Traballar a lectura comprensiva de problemas.
- Efectuar investigacións, debates, comentarios e informes a partir das lecturas realizadas mesmo procurando relacións con temas diferentes aos que están establecidos no currículo.
- Traballar, prioritariamente, con libros, artigos, revistas que teñan relación directa coas matemáticas.
- Fomentar, a partir das actividades de lectura, actividades de escritura e de exposición oral.
- Poñer de manifesto conexións das matemáticas con outras parcelas da ciencia e da cultura e con diferentes episodios da vida cotiá.
- Promover a utilización das TIC en relación coas actividades de lectura.
- Mellorar os índices de lectura do noso alumnado.

#### **Recursos bibliográficos.**

O departamento de Matemáticas contribuíu a que na biblioteca do centro houbera un fondo bibliográfico básico formado por libros de marcado carácter divulgativo, directamente relacionados coas matemáticas e os seus personaxes, para poñelos ao dispor do alumnado. O número total deste tipo de libros está arredor da centena.

Tamén dispoñemos dun número aceptable de exemplares dos títulos que temos establecidos como prioritarios para cada nivel coa intención de conseguir que sexa máis doado o desenvolvemento das actividades de lectura dentro da aula.

Así e todo, cremos que será bo saber transmitir ao alumnado a conveniencia de procurar unha pequena biblioteca persoal, polo que proporemos aos nosos alumnos e alumnas que, sempre que lle sexa posible, procedan á compra dun libro destinado ás actividades de lectura dentro da área de matemáticas.

Non debemos esquecer, para telos en conta, os recursos que se poden obter nas diferentes bibliotecas ás que o alumnado pode acceder dentro do propio barrio.


Ademais dos libros que utilizemos para desenvolver as actividades de lectura, en relación coa nosa materia debemos ter á man outros recursos que, neste caso, son elementos básicos que nos axudarán a acadar os obxectivos establecidos: manuais, recortes de prensa, mapas e planos, catálogos e anuncios publicitarios, anagramas, receitas de cociña, etiquetas, informacións en envases, itinerarios de diferentes transportes, billetes para viaxar, recibos e facturas, presupostos, tickets de compra, prospectos...

### **Desenvolvemento práctico do plan lector do departamento de matemáticas.**

Punto de partida:

Nas primeiras semanas do curso faremos unha campaña de promoción das actividades de lectura e cada membro do departamento deixará claro diante do seu alumnado cales son os parámetros que se establecen para levar a cabo estas actividades, facendo especial mención aos prazos que se deben cumprir e ás tarefas mínimas que os estudantes deben realizar.

Tamén se mostrará ao alumnado o apartado dedicado á lectura existente na sección que o departamento de matemáticas ten asignado dentro da páxina web do centro, ao que se accede a través da seguinte ligazón:



Nese apartado, ademais de referencias a todos os títulos relacionados coas matemáticas dos que dispón a biblioteca, achéganse materiais destinados a facilitar o traballo do alumnado: ficha de lectura, guía de investigación para cada nivel, etc.



Coa utilización destes recursos por parte do alumnado queremos establecer unha relación entre o plan de lectura e o plan de integración das TIC do departamento de matemáticas.

### Parámetros de actuación e libros de lectura para cada nivel:

Coa intención de coordinar as actuacións dos membros do departamento utilizaremos como guía as seguintes pautas:

- a) As liñas que determinarán as actividades de lectura na nosa materia serán, basicamente, as seguintes:
- Nos grupos de primeiro e segundo, como norma xeral, as actividades de lectura desenvolveranse fundamentalmente dentro da aula, de xeito colectivo e lendo en voz alta. Participará nelas, polo tanto, todo o alumnado utilizando libros de lectura, artigos indicados polo profesorado ou materiais de investigación e divulgación. Os estudantes intervirán en cada sesión de lectura de modo rotatorio. O profesorado fará comentarios sempre que o estime oportuno, parando a lectura. Eses comentarios terán que ver con aclaracións, preguntas, propostas de afondamento no tema, observacións, anécdotas relacionadas coa historia das matemáticas...
  - Nos grupos de terceiro e cuarto, ademais de esporádicas lecturas en común dentro da aula, farase que o alumnado traballe con máis autonomía polo que os estudantes realizarán a lectura pola súa conta do indicado polo profesorado: libros de contidos matemáticos, investigacións artigos, páxinas web,.. tomando unha maior responsabilidade na organización do traballo.
  - Os autores das investigacións efectuadas (sexan de carácter individual ou realizadas en grupo) exporán na aula ou na aula virtual as liñas máis salientables das mesmas e as correspondentes conclusións.
  - Os membros do departamento deseñarán actividades de lectura ou tarefas, prioritariamente, a través do correspondente curso da Aula Virtual. Tamén forman parte das actividades de lectura os traballos que se derivarán da realización da Ficha de Lectura e da Guía de Investigación que se atopan na nosa páxina web e sobre as que o profesorado informará e dará pautas.
- b) Este curso non haberá libros de lectura obrigada, pero como especificamos no apartado anterior, continuamos co plan lector. Temos libros prioritarios propostos por cada curso que se poderán recomendar e realizar tarefas e actividades sobre os mesmos:

CURSO	LIBRO
1º ESO	<b>ARQUÍMIDES EL DESPISTADO</b> <i>Autor: Luis Blanco Laserna.</i> <i>Editorial: elrompecabezas</i>
2º ESO	<b>MISTER CUADRADO</b> <i>Autora: Anna Cerasoli.</i>

	<b>Editorial:</b> <i>Maeva</i>
<b>3º ESO</b>	<b>LOS DIEZ MAGNÍFICOS</b> <b>Autora:</b> <i>Anna Cerasoli.</i> <b>Editorial:</b> <i>Maeva</i>
<b>4º ESO</b>	<b>EL DIABLO DE LOS NÚMEROS</b> <b>Autor:</b> <i>Hans Magnus Enzensberger.</i> <b>Editorial:</b> <i>Siruela</i>

c) Outras cuestións a ter en conta:

Moitas das tarefas citadas anteriormente necesitan a utilización de medios informáticos. Polo que promoveremos a formación necesaria en competencias dixitais do alumnado desde o departamento, detectando as posibles carencias.

Na páxina web do centro, dentro da sección dedicada á lectura en matemáticas, existe un modelo de ficha de lectura e outro de guía de investigación con actividades que están directamente relacionadas con cada un dos capítulos dos libros. Teñen a intención de axudar á comprensión dos textos e a tratar de abrir novas propostas a partir das lecturas realizadas.

Aínda que cada membro do departamento terá autonomía para establecer as condicións que rexerán para cada grupo, dependendo das características particulares do mesmo e do propio estilo do profesor, tratarase de actuar coherentemente dentro de cada nivel, mesmo cando os grupos dun determinado nivel estean a cargo de varios docentes. Nas reunións de departamento poremos en común tanto os logros coma as dificultades coa finalidade de presentar unha maneira de actuar o máis coordinada posible.

Como xa se mencionou no apartado de recursos, non debemos pasar por alto as importantes posibilidades que ofrecen outros materiais (manuais, recortes de prensa, planos, anagramas, etiquetas, recibos...) que nos permitirán entrar en contacto con diferentes códigos e rexistros. Os membros do departamento botarán man destas posibilidades cando o estimen oportuno.

#### **Avaliación do alumnado:**

Lectura de libros (ben os recomendados ou outros) indagacións na historia das matemáticas, pequenas investigacións arredor dun tema... serán actividades que se proporán coa supervisión do profesorado, establecendo prazos axeitados para a súa entrega na aula virtual, prioritariamente.

Cada membro do departamento deixará claro diante do alumnado correspondente cales serán os parámetros que o profesor ou profesora establece para levar a cabo estas

actividades, facendo especial mención aos prazos que se teñan que cumprir e a cualificación das tarefas.

A ficha de lectura e a guía de investigación ás que nos referimos máis arriba servirán como base para artellar as tarefas e deseñar as probas que o alumnado deba realizar en relación coa lectura.

#### **Avaliación do grao de satisfacción do alumnado:**

Para valorar o grao de satisfacción do alumnado diante das actividades de lectura, realizaremos a enquisa que, para este fin, foi elaborada polo profesorado do departamento.

#### **Avaliación do plan lector:**

Ao longo do curso, nas correspondentes reunións dos membros do departamento, poñeremos en común as nosas experiencias para dar canle, de maneira coordinada, a logros e atrancos.

O plan estará suxeito, polo tanto, a un continuo proceso de avaliación que desembocará na realización de todas as modificacións que pensemos procedentes con vistas á súa mellora.

Como consecuencia do anterior, cando estea a piques de rematar o curso, deberemos dispoñer das referencias necesarios para poder avaliar de maneira global, e para cada nivel, os seguintes aspectos:

1. Grao de consecución dos obxectivos.
2. Competencia lectora do alumnado.
3. Adecuación dos itinerarios lectores propostos.
4. Adecuación das actividades aos obxectivos propostos.
5. Cumprimento do fomento da lectura.
6. Adecuación dos libros propostos para cada curso.
7. Satisfacción na realización ou participación das actividades.

### **9.10. Departamento de Música**

A contribución da materia de música ao Proxecto Lector do centro desenvolverase de a cordo cos seguintes procedementos e utilizará os recursos que se enumeran a seguir:

#### **Procedementos**

O departamento de Música deste entro contribuirá ao desenvolvemento das destrezas lectoras do alumnado mediante dúas estratexias complementarias que denominamos xeral e específica.

### Estratexia xeral

O desenvolvemento dos contidos de cada unidade didáctica iniciárase mediante un proceso de comentario do texto consistente na lectura interiorizada e a resposta a un cuestionario acerca do contido do mesmo. Este cuestionario será o mesmo que servirá para avaliar os contidos conceptuais. Unha vez que o alumnado subliña as respostas atopadas, procederase á corrección das mesmas; esta corrección incluírá a lectura en voz alta dos fragmentos do texto correspondentes ás respostas correctas. Cando se precise deseñárase un esquema conceptual para maior claridade da estrutura e das ideas do texto.

### Estratexia específica

A aula virtual de música disporá dunha selección de textos de diverso xénero (ensaio, novela, dramatizado) vencellado coa materia dos diferentes niveis. O seu tratamento iniciárase coa lectura en voz alta dos mesmos e a continuación desenvolverase un procedemento semellante ao descrito no parágrafo precedente.

### Recursos

Ademais dos textos das unidades didácticas correspondentes a cada curso utilizaranse artigos periódico, fragmentos de novela, obras poéticas e libretos de ópera e zarzuela que estarán dispoñibles na aula virtual.

## 9.11. Departamento de Relixión

A programación didáctica do departamento de relixión católica incorpora como un dos aspectos fundamentais a competencia en lecto-escritura e o fomento do hábito lector. O departamento incorpora as seguintes actividades para 1º,2º,3º e 4º da ESO:

- Lectura e comprensión de textos bíblicos.
- Aparte da utilización de textos que aparecen no libro de texto, empregaranse tamén xornais coa finalidade de facer actividades de comprensión lectora.

Para os alumnos é una vía moi útil para reforzar a lecto-escritura e adquirir un hábito lector para toda a súa vida.

NIVEL	LECTURAS RECOMENDADAS
1ºESO	<ul style="list-style-type: none"><li>• Soy amigo de Jesucristo, de Antonio Pérez Villahoz.</li><li>• El urelo de las luciérnagas, de Ana Alcolea.</li></ul>
2ºESO	<ul style="list-style-type: none"><li>• Mi Whatsapp con dios, de Teresa Berbel</li></ul>
1º/2ºESO	<ul style="list-style-type: none"><li>• Ada y la antipatía, de Violeta Monreal Díaz.</li><li>• Diego y la desilusión, de Violeta Monreal Díaz.</li><li>• El regalo de la amistad, de Mercedes Ramón Colmenarejo.</li><li>• Jesús, nuestra alegría, de Carmén Hernández Alonso.</li></ul>

	<ul style="list-style-type: none"><li>• Dios para torpes, de José María Álvarez Pérez.</li></ul>
<b>3ºESO</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Aventuras de los evangelios, de Iñaki Juez.</li></ul>
<b>4ºESO</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Santos de copas, de José Pedro Manglano.</li></ul>
<b>3º/4ºESO</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• San Antonio de Padua, de Valentín Redondo Fuentes.</li><li>• San Agustín, peregrino de Dios, de Andrés González Viño.</li><li>• La sensación de Dios, de Luis Pérez González.</li></ul>

### **Metodoloxía:**

Cada libro conta cunha guía onde se farán actividades para o desenvolvemento de valores. Pedirase aos alumnos que cubran unha ficha de lectura con ideas básicas da obra: argumento, ideas principais e secundarias, personaxes e valoración persoal.

Traballos en grupo: debates nos que poidan expresar as súas ideas con razoamentos léxicos e debatendo cos demais compañeiros con respecto.

## **9.12. Departamento de Tecnoloxía**

### **Xustificación**

Para o profesorado do Departamento constitúe un reto profesional a adecuada formación dos seus alumnos/as na área de Tecnoloxía. Ao mesmo tempo consideramos que a educación debe dotar ao alumnado da autonomía necesaria para facilitar a aprendizaxe e para adquirir as competencias sociais e persoais que permitan a plena incorporación dos nosos xoves na sociedade actual. Neste senso, consideramos imprescindible incorporar a lectura como eixe vertebrador da nosa labor docente diaria.

### **Obxectivos**

- Mellorar substancialmente os resultados académicos do noso alumnado xa que somos conscientes de que a lectura constitúe a base e o fundamento para a aprendizaxe de todas as materias e, polo tanto, é determinante na consecución do éxito académico dos alumnos e alumnas.
- Empregar a lectura como fonte de lecer e enriquecemento persoal, favorecendo o desenvolvemento do sentido crítico e proporcionando alternativas ao ocio pasivo.
- Dotar aos alumnos das habilidades necesarias para participar plenamente no seu entorno inmediato e na sociedade en xeral.
- Apoiar a adquisición das competencias básicas.

### **Desenvolvemento.**

O Departamento de Tecnoloxía propón dous tipos de actividades que serán avaliadas ao remate do curso.

- a) Os contidos conceptuais de cada unidade apoiaranse nos distintos libros de texto de cada nivel. Para elo procederáse a lectura en voz alta, por parte do alumnado do curso, do tema a tratar.

Os obxectivos que pretendemos conseguir son:

- Que os alumnos saiban onde recorrer para consultar as dúbidas que teñan.
  - A lectura das unidades e, moi especialmente, a lectura colectiva en voz alta, é unha actividade motivadora tanto para os que len como para os que escoitan.
  - Favorece o proceso de apropiación dunha lectura comprensiva e pracenteira.
  - Contribúe eficazmente á maior comprensión do texto. Os lectores teñen que entendela ben para poder comunicalo con intención e sentido.
  - Desenvolve a expresividade oral: dicción, volume, entoación, distinción de matices, etc.
  - Enriquece a capacidade de comunicación global, xa que os lectores deberán perder os medos e superar inhibicións, atreverse a levantar a voz e chegar a impoñerse ante o auditorio dos compañeiros.
- b) Propoñeráse unha actividade de recollida de textos e información, nos distintos medios impresos. Estes textos deberán estar relacionados coa tecnoloxía (descubrimentos, avances tecnolóxicos, novidades técnicas, aparellos innovadores, etc.). Poñeráse como condición que os datos recollidos sexan de publicación recente. Do mesmo xeito que no caso anterior procederáse a lectura en voz alta destes textos, así como a aclaración do vocabulario técnico recollido.

### **9.13. Departamento de Xeografía e Historia**

Para obter éxito na materia de ciencias sociais o alumnado de ESO ten que adquirir hábito de lectura e realizar lectura comprensiva de textos de todo tipo e natureza, nomeadamente de fontes primarias para a investigación histórica, artística e xeográfica.

Para mellorar as destrezas de lectura comprensiva e expresión escrita e oral do noso alumnado levaremos a cabo as seguintes accións, integradas dentro do Plan Lector:

- En cada sesión de clase dedicarase o máximo tempo posíbel á lectura, xa for silenciosa, xa en voz alta, centrándonos no vocabulario específico do tema que se estea a traballar.
- Encarécese ao profesorado do departamento que encargue a lectura e recensión obrigatoria de, como mínimo, un libro. Poderá reservarse un tempo en cada sesión para as devanditas lecturas, ou ben encargarse para a casa. O profesorado avaliará o grao de comprensión e asimilación dos conceptos principais do libro a través dunha proba escrita.

- Se ben entendemos que na materia de Xeografía e Historia a densidade do currículo pode facer imposible que se logre o desexo enunciado no apartado anterior, as materias de Valores Éticos, Cultura Clásica e IAEE son propicias a estas tarefas. Estableceremos tempos concretos para a práctica da lectura de libros de tema filosófico, cultural e de ficción.
- Nas materia de Xeografía e Historia, sempre que se traballen contidos de historia, prestarase especial interese ás lecturas de libros de ficción histórica ou de novelas nas que o contexto histórico teña un protagonismo especial. Así mesmo, pedirase ao alumnado que desenvolva os seus propios argumentos de ficción histórica, que serán avaliados e considerados na nota da materia.
- A lectura de libros relacionados coa materia será especialmente considerada en calquera actuación específica que se deseñe para alumnado de altas capacidades.
- O departamento de Xeografía e Historia velará porque a Biblioteca conte con exemplares suficientes dos libros recomendados, así como con exemplares soltos doutros libros relevantes para a materia.

Neste cadro poden verse os libros que se ofertan ao alumnado das distintas materias para a súa lectura:

NIVEL	LIBROS DE LECTURA
<b>Xeografía e Hª 1º ESO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ CARREIRO, Pepe: <i>A Nosa Historia</i>.</li> <li>➤ CARREIRO, Pepe: <i>Os Barbanzóns</i>.</li> <li>➤ DÁVILA, Berta: <i>A pel do mundo</i>.</li> <li>➤ GUERRA, Mar: <i>Norteáns</i>.</li> </ul>
<b>Xeografía e Hª 2º ESO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ CARREIRO, Pepe: <i>A Nosa Historia</i>.</li> <li>➤ FALCONES, Ildefonso: <i>La catedral del mar</i>.</li> <li>➤ FOLLET, Ken: <i>Los pilares de la Tierra</i>.</li> <li>➤ PAZ, Xabier: <i>A galera de Xelmírez</i>.</li> </ul>
<b>Xeografía e Hª 3º ESO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ ACHEBE, Chinua: <i>A frecha de Deus</i>.</li> <li>➤ ACHEBE, Chinua: <i>Todo se esfarela</i>.</li> <li>➤ ACHEBE, Chinua: <i>Xa no hai acougo</i>.</li> <li>➤ ANEIROS, Rosa: <i>Ás de bolboreta</i>.</li> <li>➤ CALVEIRO, Marcos: <i>Festina lente</i>.</li> <li>➤ CALVEIRO, Marcos: <i>Settecento</i>.</li> <li>➤ CAPARRÓS, Martín: <i>El hambre</i>.</li> <li>➤ DELISLE, Guy: <i>Pyongyang</i>.</li> <li>➤ HARVEY, David: <i>Breve historia del neoliberalismo</i>.</li> <li>➤ KELLY, Jacqueline: <i>A evolución de Calpurnia Tate</i>.</li> <li>➤ KORN, Wolfgang: <i>La vuelta al mundo de un forro polar rojo</i>.</li> <li>➤ SACCO, Joe: <i>Palestina</i>.</li> </ul>
<b>Xeografía e Hª 4º ESO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ ACHEBE, Chinua: <i>A frecha de Deus</i>.</li> <li>➤ ACHEBE, Chinua: <i>Todo se esfarela</i>.</li> <li>➤ ACHEBE, Chinua: <i>Xa no hai acougo</i>.</li> <li>➤ DUEÑAS, María: <i>El tiempo entre costuras</i>.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ FEIJOO, Pedro: <i>A memoria da choiva</i>.</li> <li>➤ FERNÁNDEZ PAZ, Agustín: <i>Noite de voraces sombras</i>.</li> <li>➤ FOLMAN, Ari e POLONSKY, David: <i>El diario de Anne Frank</i>.</li> <li>➤ HARVEY, David: <i>Breve historia del neoliberalismo</i>.</li> <li>➤ GALEANO, Eduardo: <i>Espejos: una historia casi universal</i>.</li> <li>➤ GIMÉNEZ, Carlos: <i>Paracuellos</i>.</li> <li>➤ MENDOZA, Eduardo: <i>Sin noticias de Gurb</i>.</li> <li>➤ RIVAS, Manuel: <i>Os libros arden mal</i>.</li> <li>➤ SACO, Joe: <i>Palestina</i>.</li> <li>➤ SATRAPI, Marjanne: <i>Persépole</i>.</li> <li>➤ SÉNDER, Ramón: <i>Réquiem por un campesino español</i>.</li> <li>➤ SOLAR, María: <i>Os nenos da varíola</i>.</li> <li>➤ SPIEGELMAN: <i>Maus</i>.</li> <li>➤ ZOLA, Émile: <i>Germinal</i>.</li> <li>➤ BOYNE, JOHN: <i>O neno do pixama de raías</i></li> </ul>
<b>Cultura Clásica 3º-4º ESO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ BEARD, Mary: <i>SPQR</i>.</li> <li>➤ UDERZO, Jacques e GOSCINNY: <i>Ásterix</i>.</li> <li>➤ SUTCLIFF, Rosemary. <i>Naves negras ante Troya</i>.</li> <li>➤ SUTCLIFF, Rosemary. <i>Las aventuras de Ulises</i>.</li> </ul>
<b>IAEE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ HARFORD, Tim: <i>El economista camuflado</i>.</li> <li>➤ HARVEY, David: <i>Breve historia del neoliberalismo</i>.</li> <li>➤ JONES, Owen: <i>Chavs. La demonización de la clase obrera</i>.</li> <li>➤ STANDING, Guy: <i>Precariado</i>.</li> <li>➤ WERNER, Klaus: <i>El libro negro de las marcas</i>.</li> </ul>
<b>Valores Éticos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ LEÓN TOLSTOI: <i>¿Cuánta tierra necesita un hombre?</i> Ed. Nórdica</li> <li>➤ ALAPONT, Pasqual: <i>O inferno de Marta</i>.</li> <li>➤ ANEIROS, Rosa: <i>Ás de bolboreta</i>.</li> <li>➤ BOYNE, John: <i>O neno do pixama a raías</i>.</li> <li>➤ COSTAS, Leticia: <i>Unha estrela no vento</i>.</li> <li>➤ FERNÁNDEZ PAZ, Agustín: <i>Noite de voraces sombras</i>.</li> <li>➤ FERNÁNDEZ PAZ, Agustín: <i>Trece anos de Branca</i>.</li> <li>➤ HADDON, Marc: <i>O curioso incidente do can a medianoite</i>.</li> <li>➤ MACEIRAS, Andrea: <i>Nubes de evolución</i>.</li> <li>➤ MACEIRAS, Andrea: <i>Violeta Tamurana</i>.</li> <li>➤ MEXUTO, Eva: <i>22 segundos</i></li> <li>➤ MOURE, Gonzalo: <i>El síndrome de Mozart</i>.</li> <li>➤ MOURE, Gonzalo: <i>Palabras de Caramelo</i>.</li> <li>➤ REIMÓNDEZ, María: <i>Corredora</i>.</li> <li>➤ REIMÓNDEZ, María: <i>Usha</i>.</li> </ul>



## **10. IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS E COLABORACIÓN CON OUTRAS BIBLIOTECAS.**

A promoción da lectura na casa insistirá na concepción da lectura como fonte de pracer e desenvolvemento persoal. A nosa intención é que as familias poidan seguir as actividades e actualidade relacionadas coa biblioteca escolar a través das nosas contas en redes sociais. Por iso tentaremos publicar recomendacións de libros ou lecturas adaptadas ao nivel do alumnado para os períodos vacacionais ou suxestións para regalar en datas sinaladas.

Deste xeito queremos fomentar, coa axuda inestimable das familias, o hábito lector na adolescencia, xa que sabemos que é o campo de cultivo máis axeitado para sementar futuros lectores e crear cidadáns máis cultos, responsables e solidarios.

Así mesmo, no que atinxe á colaboración con outras bibliotecas da nosa contorna, este ano contamos con retomar as visitas co alumnado de 1ºESO á Biblioteca Municipal González Garcés, para que coñezan o seu funcionamento e fagan uso das bibliotecas públicas da nosa cidade, que complementan en boa medida a nosa provisión de fondos materiais.

## **11. RESPONSABLE E INTEGRANTES DO EQUIPO DE APOIO DA BIBLIOTECA ESCOLAR.**

O equipo de biblioteca no curso 2021-2022 está integrado por:

- Ana Campos Rey (coordinadora).
- Juan Berná Pérez.
- Fe Vega Madroño.
- Beatriz (dinamizadora de redes sociais).

En total o equipo de biblioteca ten asignadas 10 horas de garda para realizar o seu labor.

## **12. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN ANUAL DE LECTURA.**

A avaliación é unha ferramenta de coñecemento e reflexión que permite identificar aqueles aspectos que funcionan e outros que poden e deben mellorarse. A avaliación debe poñerse, polo tanto, ao servizo da mellora continua e como tal debe ser asumida como un recurso que permite un mellor coñecemento da realidade e das diferentes actuacións levadas a cabo. Para a avaliación deste plan terase en conta o grao de cumprimento dos seguintes aspectos:

- Cumprimento dos obxectivos.
- Organización de espazos e tempos.
- Uso e organización da biblioteca.

- Estratexias de comprensión lectora.
- Fomento da lectura.
- Integración das TIC no plan.
- Implicación das familias e do entorno.
- Análise e valoración dos resultados do Plan Anual de Lectura.

Para a avaliación do plan aplicaranse os mesmos métodos que se reflicten no proxecto lector de centro e que figuran como anexos do mesmo, así como información procedente de:

- Rexistro de datos realizado polo profesorado.
- Enquisas ao profesorado para avaliar o plan.
- Enquisas ao alumnado para recadar información sobre a súa participación, opinións, suxestións, etc.
- Valoracións obtidas das sesións de avaliación.

O equipo da biblioteca incluírá na memoria anual un informe global a partir dos datos obtidos ao longo do curso co fin de extraer conclusións e facer previsións de cara ao curso seguinte.

A Coruña, setembro de 2021.